



RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN REITORAL DO 21/10/2014, POLA QUE SE ESTABLECEN AS ACTIVIDADES POLAS QUE SE RECOÑECEN CRÉDITOS NOS ESTUDOS DE GRAO, POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS CULTURAIS, DEPORTIVAS, DE REPRESENTACIÓN ESTUDANTIL, SOLIDARIAS E DE COOPERACIÓN.

De acordo co disposto na normativa mediante a que se establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos por participación en actividades universitarias nos Graos da UDC, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 17 de xullo de 2012, modificada por acordo do mesmo órgano de data 21 de xullo de 2016,

R E S O L V O:

Modificar a Resolución reitoral de 21/10/2014, precitada, de acordo co texto que se refire de seguido:

ANEXO I

RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO, MODIFICADO POLO REAL DECRETO 861/2010, DO 2 DE XULLO, POLAS SEGUINTE ACTIVIDADES

1. REPRESENTACIÓN DO ESTUDANTADO NOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE REPRESENTACIÓN DA UNIVERSIDADE

1.1. A representación do estudantado poderá dar lugar ao recoñecemento de créditos sempre que se realizar efectivamente como:

a) representante do estudantado no Claustro, o Consello de Goberno ou o Consello Social;

b) representante do estudantado en consellos de departamento, xuntas de centro ou consellos de institutos universitarios.

1.2. Recoñeceranse 1,5 créditos por curso académico ou fracción, sempre e cando esta comprenda, como mínimo, a extensión dun cuadrimestre lectivo do curso académico.

1.3. Para estes efectos, os estudantes interesados solicitarán a acreditación correspondente perante a Secretaría Xeral ou, no seu caso ante o secretario do órgano que corresponder, indicando as datas de inicio e de remate da súa participación. O/a secretario/a xeral da UDC, ou no seu caso o/a secretario/a do órgano que corresponder, acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da representación.

2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

O estudantado da UDC poderá obter recoñecemento de créditos a través das seguintes actividades deportivas:



2.1. Formación nas Escolas deportivas da UDC: 4 créditos por escola (asistencia anual) 2 créditos por escola (asistencia cuatrimestral)

2.2. Asistencia a cursos de formación deportiva: 1 crédito cada 15 horas (máximo 12 créditos)

2.3. Asistencia a actividades dirixidas de exercicio e saúde: 4 créditos por actividade (asistencia anual) e 2 créditos por actividade (asistencia cuadrimestral)

2.4. Participación en competicións deportivas:

Ligas universitarias: de 10 ou máis equipos, 3 créditos aos tres primeiros clasificados; de menos de 10 equipos, só ao campión da liga

2.5. Equipos federados propios da UDC: 3 créditos por curso académico

2.6. Campionatos universitarios:

- Internos, de 10 ou máis participantes, 2 créditos aos tres primeiros clasificados, e de menos de 10 participantes, só ao campión;
- Galegos, nas modalidades individuais, 3 créditos, aos tres primeiros clasificados, e nas modalidades de equipo, só ao campión;
- fase interzonal, 3 créditos;
- de España, 4 créditos, e no caso de obter medalla 2 créditos máis;
- Universiada, campionatos de Europa e do Mundo ou Xogos Olímpicos, 12 créditos;
- deportistas de alto nivel: 5 créditos por representaren á Universidade da Coruña na fase final dos campionatos de España, Europa ou do Mundo.

2.7. Xogos Galaico Durienses: 3 créditos

2.8. Para as actividades dos cursos, escolas e equipos federados será condición a asistencia, cando menos, ao 85% das clases ou adestramentos programados. Para os efectos da imputación de créditos, estes non poderán solicitarse por participar en máis de dúas escolas deportivas, cursos ou obradoiros por estudante e por ano académico; ou, no caso das ligas deportivas, en máis de dúas ligas por estudante e por ano académico.

2.9. Para estes efectos, os estudantes interesados solicitarán a acreditación correspondente perante o/a Vicerreitor/a, de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, indicando a actividade e o período de participación. O/a Vicerreitor/a acreditará, mediante certificación, a realización efectiva da actividade.

3. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE DIVULGACIÓN PROMOVIDAS E/OU COORDINADAS POLA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA:

Aos estudantes da UDC poderán recoñecérselles créditos pola súa participación nos programas que se detallan a seguir:



3.1. Actor ou actriz na obra dramática producida pola Aula de Teatro e Danza da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.2. Participación como bailarín ou bailarina na produción de danza anual da Aula de Teatro e Danza da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.3. Integración en Coro Universitario da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.4 Participación en obradoiros, cursos de teatro, danza, cinema e equivalentes: 1 crédito cada 15 horas.

3.5 Participación en obradoiros desenvolvidos pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC: 1 crédito cada 10 horas, até un máximo de 3 créditos por curso. A coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC fará un informe da actividade realizada.

3.6 Participación en actividades no Programa "Correspondentes universitarios": 1 crédito por cada 10 horas, até un máximo de 3 créditos por curso. Os coordinadores do programa do centro correspondente fará un informe da actividade realizada.

3.7 Para estes efectos, os estudantes interesados solicitarán a acreditación correspondente perante o/a Vicerreitor/a, de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, a estenderá mediante unha certificación da realización efectiva da actividade.

4. ACTIVIDADES ORGANIZADAS AO ABEIRO DAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA.

4.1.- Participación en cursos de verán oficiais da UDC: 1,5 créditos por cada 15 h., máximo 3 créditos por cada curso.

4.2.- Participación en actividades organizadas polos centros, departamentos, institutos universitarios e persoal docente e investigador: 1,5 créditos por cada 15 horas de actividade.

4.3.- Participación en actividades organizadas polas asociacións de estudantes, inscritas no Rexistro de Asociacións de Estudantes da UDC: 1,5 créditos por cada 15 horas de actividade, até un máximo de 3 créditos por curso.

4.4.- Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, indicando a actividade e o período de participación. O/a Vicerreitor/a acreditará, mediante certificación, a realización efectiva da actividade.



5.- RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN PROGRAMAS DE EMPREGABILIDADE ORGANIZADOS OU PROMOVIDOS POLA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA:

Os estudantes que realizaren programas formativos relacionados co coñecemento de ferramentas básicas para a adquisición de habilidades que favorezan a súa futura empregabilidade, obterán o correspondente recoñecemento de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

5.1.- Recoñecerase 1 créditos por cada 10 horas de formación.

5.2.- O estudiantado da UDC poderá obter por estas actividades ata un máximo de 3 créditos

5.3.- Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, indicando a actividade e o período de participación. O/a Vicerreitor/a acreditará, mediante certificación, a realización efectiva da actividade.

6.- ACTIVIDADES DE INTERNACIONALIZACIÓN ORGANIZADAS POLA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS (ORI):

O estudiantado da UDC poderá obter o recoñecemento de créditos nas seguintes actividades de internacionalización:

6.1.- Participación no programa de acollida de estudantes internacionais, 1,5 créditos por semestre.

6.2.- Participación en programas académicos específicos, organizados ou nos que a UDC sexa socia, que teñan obtido financiamento con cargo aos programas de educación da Unión Europea, máximo 3 créditos. Os estudantes entregarán un informe do coordinador no momento de realizar a solicitude.

6.3.- Participación nos cursos da International Summer School da UDC: 3 créditos por curso realizado (Máximo 12 créditos)

6.4.- Os estudantes interesados solicitarán a acreditación correspondente perante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, indicando a actividade e o período de participación. O/a Vicerreitor/a acreditará mediante unha certificación a realización

7.- RÉXIME E NORMAS DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS

De acordo co establecido no apartado 2.8

7.1.- Para as actividades dos cursos, escolas e equipos federados será condición a asistencia, cando menos, ao 85% das clases ou adestramentos programados. Para os efectos da imputación de créditos, estes non poderán solicitarse por participar en máis de



dúas escolas deportivas, cursos ou obradoiros por estudante e por ano académico; ou, no caso das ligas deportivas, en máis de dúas ligas por estudante e por ano académico.

7.2- De acordo co disposto nos apartados anteriores, a solicitude de acreditación que corresponda farase, segundo o caso, perante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación ou a Secretaría Xeral, con indicación da actividade e do período. Comprobada a participación efectiva, por estes órganos procederase á expedición da certificación correspondente asinada polo/a vicerreitor/a que corresponda ou, no seu caso, polo/a secretario/a Xeral.

7.3.-Non se lles recoñecerán créditos pola realización dunha destas actividades formativas a aqueles alumnos que na súa titulación de grao contén con algunha materia, obrigatoria ou optativa, con contidos coincidentes parcial ou totalmente coa dita actividade. Esta regra non será de aplicación no caso de recoñecemento por cursos realizados na International Summer School (6.3 do Anexo I).

ANEXO II

RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS RELACIONADAS COAS COMPETENCIAS NUCLEARES DA UDC

1. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR APRENDIZAXE LINGÜÍSTICA. CURSOS REGULARES DO CENTRO DE LINGUAS (CL)

Os estudantes que realizaren cursos regulares no Centro de Linguas (CL) da UDC poderán obter o recoñecemento de créditos por actividades de aprendizaxe lingüística de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

- 1.1.- Polos cursos regulares de 30 horas do CL recoñeceranse 1,5 créditos.
- 1.2.- Polos cursos regulares dunha lingua estudada no bacharelato recoñeceranse créditos por cursos a partir do nivel B1 ou superior.
- 1.3.- Os estudantes de calquera titulación de grao que teña un idioma como materia obrigatoria no seu plan de estudos só poderán obter o recoñecemento de créditos por cursos do nivel B2 ou superior.
- 1.4.- Os estudantes de calquera titulación de grao que teña un idioma como materia optativa no seu plan de estudos só poderán obter o recoñecemento de créditos por cursos do nivel B1 ou superior.
- 1.5.- Os estudantes dos graos de estudos lingüísticos e literarios non poderán obter o recoñecemento de créditos por cursos daquela lingua que constituír a súa especialidade.
- 1.6.- Para poder obter o recoñecemento de créditos será necesaria unha asistencia mínima ás clases do 85%, alén de superar as probas correspondentes.
- 1.7.- Non se recoñecerán créditos polos cursos de conversa, así como tampouco polos cursos que non comporten un progreso constatable mediante a superación das probas pertinentes.
- 1.8.- Os cursos de idiomas realizados polos alumnos en programas de mobilidade internacional na universidade de destino terán un recoñecemento de 1 crédito por cada 20 horas de curso, sempre que a súa realización sexa certificada pola universidade de destino. Para obter o recoñecemento os cursos de idiomas deben constar no contrato de estudos como carentes de recoñecemento académico dentro do seu plan de estudo.
- 1.9.- Os estudantes interesados solicitarán a acreditación correspondente perante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, indicando a actividade e o período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade.



2. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS/ACTIVIDADES DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL)

2.1.- Por participación en actividades organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) ou a través das comisións de normalización lingüística dos centros, ao abeiro das convocatorias do SNL: 1 crédito por cada 15 horas.

2.2.- O alumnado procedente de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que non accedan á UDC desde os centros de bacharelato desta comunidade, así como aqueles alumnos que non cursasen lingua galega no bacharelato, poderán obter un recoñecemento de 3 créditos por cursaren e superaren o Curso de Iniciación para Non-Galegofalantes organizado polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL).

2.3.- Para estes efectos os estudantes interesados solicitarán a acreditación perante a Secretaría Xeral indicando a actividade e o período de participación. O/a Secretario/a Xeral acreditará mediante unha certificación a realización da actividade.

3. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC) E PROGRAMAS FORMATIVOS DA AULA DE INFORMÁTICA (AFI)

Os estudantes que realicen programas formativos relacionados co coñecemento das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións na Aula de Formación Informática (AFI) da UDC obterán o correspondente recoñecemento de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

3.1.- Recoñecerase un 1 crédito por cada 20 horas de formación.

3.2.- Non se lles recoñecerán créditos pola realización dunha destas actividades formativas a aqueles alumnos que na súa titulación de grao contén con algunha materia, obrigatoria ou optativa, con contidos coincidentes parcial ou totalmente coa dita actividade.

3.3.- Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente indicando a actividade e o período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade.

4. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN INFORMACIÓN DOCUMENTAL DO SERVIZO DE BIBLIOTECA

Os estudantes que realicen programas formativos relacionados co coñecemento da información documental e coas utilidades bibliográficas do Servizo de Biblioteca da UDC, obterán o correspondente recoñecemento de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

4.1.- Recoñecerase 1 crédito por cada 20 horas de formación.

4.2.- Para obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85% das clases programadas e, de ser o caso, superar as probas correspondentes.



4.3.- O estudiantado da UDC poderá obter recoñecemento de 1 crédito por cada 20 horas por estas actividades até un máximo de 3 créditos por curso.

4.4.- Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia indicando a actividade e o período de participación. O/a Vicerreitor/a acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade.

5.-RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS NO “PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: “PROXECTO DE MENTORING”

A UDC está a implantar a figura do “Alumno Mentor”, dentro do proxecto de “Mentoring” nas Facultades e Escolas. O “Mentoring” é unha relación entre unha persoa con máis experiencia (o Mentor) e unha persoa con menos experiencia.

Os estudantes dos dous últimos cursos de grao das titulacións que imparte a UDC, que realicen funcións de alumno con experiencia: “Alumno Mentor”, con alumnos que ingresen no primeiro curso dentro do “Proxecto de Mentoring” e de acordo co cronograma do Plan de Acción Tutorial (PAT) de dito centro nese curso académico, obterán o correspondente recoñecemento de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

5.1.- Recoñécese 1 crédito por cada actividade formativa no curso académico no que realicen funcións como mentor.

5.2.- Os estudantes solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente indicando o período de participación. O/a Vicerreitor/a acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade, previo informe do Coordinador do PAT do centro que corresponda, que será entregado polo alumno na Vicerreitoría indicada no momento de realizar a solicitude.

6.- RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN NO CENTRO UNIVERSITARIO DE FORMACIÓN E INNOVACION EDUCATIVA (CUFIE)

Dentro do plan de apoio ao aprendizaxe, a UDC está a recoñecer aos estudantes créditos pola realización de cursos de formación no CUFIE de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

6.1.-Recoñecerase 1 crédito por cada vinte horas de formación, até un máximo de 3 créditos por curso académico.

6.2.-Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente indicando a actividade e o período de asistencia. O/a Vicerreitor/a acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade.

7. ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO, COOPERACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN ORGANIZADAS POLA OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO:

O estudiantado da UDC poderá obter o recoñecemento de 1 crédito por cada 30 horas de dedicación, até un máximo de 3 créditos por curso académico, nas seguintes actividades de voluntariado e de cooperación:

7.1. Colaboración en estadias de cooperación, a través de convocatoria organizada pola UDC e destinada a favorecer a solidariedade e a cooperación.

7.2. Participación en actividades de formación de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.

7.3. Participación en actividades de formación organizadas por entidades de iniciativa social coas que a UDC asinase un convenio de colaboración.

7.4.-Os estudantes solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación indicando a actividade e o período de asistencia. O/a Vicerreitor/a acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade.

8.- RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN IGUALDADE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE; CURSOS DE FORMACIÓN EN RESPONSABILIDADE SOCIAL PROMOVIDOS POLA OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO, O CENTRO DE ESTUDOS FEMINISTAS E O SERVIZO PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE; CURSOS/ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVAN DENTRO DA UDC SAUDABLE

O alumnado que realice os cursos citados obterá o recoñecemento de créditos de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

8.1.-Recoñecerase un crédito por cada 20 horas de formación, até un máximo de 3 créditos por curso académico.

8.2.- Para obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85% das clases programadas e, de ser o caso, superar as probas correspondentes.

8.3.- Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social indicando a actividade e o período de asistencia. O/a Vicerreitor/a acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade.

A Coruña, 8 de setembro de 2016

O REITOR

Asdo. Julio E. Abalde Alonso